

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se aproba e publica a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional (598) (Código de procedemento ED003A).

Mediante Resolución do 5 de outubro de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia correspondente ás seguintes especialidades do corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional (598) (Código de procedemento ED003A):

CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE
598003	Fabricación e instalación de carpintería e moble
598004	Mantemento de vehículos
598005	Mecanizado e mantemento de máquinas

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e da nota media alegada polas persoas aspirantes na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas citadas especialidades, de acordo co disposto na base sétima da dita convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional nas especialidades indicadas e facelas públicas no portal da Internet desta consellería www.edu.xunta.gal.

En consecuencia, esta dirección xeral,

Resolve:

Primeiro. Aprobar e facer pública no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades www.edu.xunta.gal a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas anteditas especialidades.

Segundo De acordo co disposto na base sétima da convocatoria pola que se acordou a apertura do procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas excluídas e o baremo provisional, que presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo



normalizado do procedemento ED003A, opción "Alegacións", accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED003A&ano=2020&numpub=1&lang=gl>) no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no portal de Internet da consellería.

Non se admitirán as alegacións que non sexan presentadas a través do procedemento indicado no parágrafo anterior.

Terceiro. A estimación ou desestimación das alegacións presentadas entenderase implícita nunha nova resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que será publicada no portal www.edu.xunta.gal , pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas consonte co disposto na base oitava da convocatoria.

Cuarto. Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación das listas definitivas, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional de conformidade coa base sétima da convocatoria.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

